



DOC 002/ CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTION E EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO IES PINTOR COLMEIRO (SILLEDA – PONTEVEDRA)

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS OFERTAS

O órgano de contratación valorará as ofertas mediante a aplicación dos criterios obxectivos que a continuación se detallan. A comisión de valoración constituída no seo do Consello Escolar do IES Pintor Colmeiro poderá solicitar a comparecencia dos/das candidatos a unha entrevista.

<p>1) Proposición do canon anual que se ingresará na Dirección Xeral do Tesouro. O mínimo esixible estipúlase en cen euros (100 €).</p>	<p>10 puntos</p>
<p>2) Memoria coa proposta de metodoloxía ou plan de negocio. Achegarse memoria detallada dos traballos a realizar que deberá conter información sobre:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A metodoloxía de traballo no movemento, adquisición e conservación de produtos de alimentación perecedeiros, describindoa con detalle. • A capacidade de resposta a situacións cotiás de acumulación de alumnado (recreos) • A capacidade de resposta a situacións de carácter conxuntural de exceso de persoal que accede a cafetería como consecuencia de eventos, como cursos, xornadas, seminarios, festivais, etc. • As políticas que promovan a adquisición de hábitos saudables: froita de tempada sempre á vista, oferta de alimentos de elaboración artesanal, restrición da expedición de certos artigos dieteticamente desaconsellables, etc. • As medidas propostas para reducir o emprego de plásticos e envases e para paliar o efecto que producen no estado de limpeza das dependencias do centro. • O mobiliario proposto, con indicación do grao de eficiencia enerxética. 	<p>20 puntos</p>
<p>3) Persoa ou equipo de traballo asignado a realización do contrato. Incluirase relación do persoal que vai participar na execución do contrato, datos da persoa responsable da execución e curriculum vitae profesional das persoas propostas. Serán obxecto de especial valoración os seguintes aspectos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A persoa adxudicataria traballará persoalmente na prestación do servizo. • A formación relacionada coa hostalería e experiencia laboral no sector. • A situación laboral do/a arrendatario/a e das cargas familiares. • A residencia no concello de Silleda. • O número de postos de traballo que implique a adxudicación. • A pertenza á comunidade educativa do IES Pintor Colmeiro, ben sexa no presente ou no pasado 	<p>30 puntos</p>
<p>4) Melloras propostas. Servizos adicionais. Aportarase relación de todas as prestacións ofrecidas ao IES Pintor Colmeiro sen custo, que aporten vantaxes ao esixible nas condicións de realización do servizo, como celebracións de festas conmemorativas, tardes musicais, patrocinio e organización de torneos de mesa, axudas ao mantemento do centro, etc.</p>	<p>20 puntos</p>
<p>5) Lista de prezos de artigos de consumo da cafetería (como mínimo dos detallados no anexo III) que recollan ou melloren os máximos previstos no citado anexo. Valoraranse especialmente neste apartado todas as medidas dirixidas a mellorar a calidade mínima e/ou os prezos dos produtos de oferta obrigatoria.</p>	<p>20 puntos</p>

- Os licitadores que desexen tomar parte neste procedemento presentarán a documentación administrativa e técnica necesaria que se detalla nos puntos 6.4.1, 6.4.2 e 6.4.3 do documento de CONDICIÓN PARA A CONTRATACIÓN.
- A documentación presentarse en sobre pechado nas oficinas do IES Pintor Colmeiro antes das 13:00 horas do día 05 de xullo de 2013.